



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 09 de xullo de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (expediente IN407A 2019-08AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LÍNEA SUBTERRÁNEA DE MEDIA TENSIÓN LP AGUAS FÉRREAS G. LA PAZ - TREBOL (LUGO)"
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:

Liña de media tensión soterrada en canalización proxectada (271 metros) e existente co orixe nunha cela existente ubicada no CT Grupo La Paz (6727) e final nunha cela existente ubicada no CT Trebol (8142), cunha lonxitude de 400 metros en condutor RHZ1-240mm.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 9 de xullo de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2750

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN PROVINCIAL

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmóbeles de natureza urbana, rústica e características especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2019, segundo o seguinte detalle:

-Imposto sobre Bens Inmóbeles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castrolverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lán cara, Lourenz á, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

* Os padróns dos Concellos de Burela e Foz, exercicio 2019 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 24 de maio de 2019 (publicados no BOP núm. 124 do 1 de xuño de 2019).

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrolverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lán cara, Lourenz á, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 5 de setembro de 2019.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2730

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos, exercicio de 2019, que se relacionan, empezará a contar o día 16/09/2019 e finalizará o día 18/11/2019, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

-Imposto sobre Bens Inmóbeles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrolverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lán cara, Lourenz á, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un duplicado en oficinas de ABANCA ou La Caixa-Caixabank, SA..

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobrador e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 5 de setembro de 2019.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2731

CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

"Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

Por decreto de alcaldía de 3 de setembro resolvín a miña substitución por ausencia do termo municipal o período comprendido entre os días 4 e 10 de setembro, de acordo co establecido nos artigos 63 da Lei de Administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais.

Continuando as causas que motivaron a necesidade da miña substitución e tendo en conta as necesidades municipais e dispoñibilidade dos tenentes de alcalde.

RESOLVO

Que me substitúa na totalidade das miñas funcións a 2º tenente de alcalde, dona Begoña López Magdalena durante os días 12, 13, 16, 17 de setembro, e o 1º tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón, os días 14 e 15 de setembro.

Notifíquesele ós interesados.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP".

A Pobra de San Xiao, Láncara, 10 de setembro de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2751

OUTEIRO DE REI

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR

Que na Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei, celebrada o día 5 de setembro de 2019 adoptouse o seguinte acordo:

"O circuíto de Outeiro de Rei sitúase no extremo leste da parroquia de Robra, moi preto do núcleo de Penelas. Este circuíto para a súa entrada en funcionamento require da dotación da enerxía eléctrica necesaria para as actividades deportivas que nel vanse a realizar. De non contar con enerxía suficiente certas actividades relacionadas co deporte do motor non van poder ser levadas a cabo.

A empresa eléctrica non está actualmente en condicións de prestar ao circuíto a enerxía eléctrica requirida.

Todo isto decantou ao Concello de Outeiro de Rei a decidirse por este proxecto para a súa realización inmediata a financiar con cargo ao Plan Provincial Único 2019. O proxecto de electrificación foi incluído no Plan Provincial Único pola Deputación Provincial de Lugo, quen o expuxo a información pública o 25 de maio de 2019, non presentándose alegación ou suxerencia algunha.

n-te, o Pleno da Deputación Provincial aprobouno definitivamente, aprobación que leva implícita a declaración de utilidade pública da obra para executar.

Coa actuación proxectada preténdese dotar da enerxía eléctrica necesaria a

Circuito de Outeiro de Rei, situado na parroquia de Robra.

Este circuíto recentemente construído está destinado á realización de diferentes actividades deportivas principalmente relacionadas co motor para o que require dunhas instalacións especiais cun alto consumo eléctrico. A rede actual existente na zona non permite dotar ao circuíto da potencia requirida, motivo leste polo que se pretende a realización desta obra.

O proxecto de licitación foi redactado por PROESTE ENXEÑERÍA o día 27 agosto de 2019, e consiste na construción dunha rede de media tensión enterrada, un transformador e unha rede de baixa tensión aérea. Así mesmo, coa mesma data formulou a relación de bens e dereitos a expropiar.

Á vista do citado proxecto, e unha vez constatada a súa suficiencia técnica e a súa conveniencia en aras a correcta prestación do servizo, a Xunta de Goberno, por delegación do Pleno da Corporación e pola unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a seguinte relación de bens e dereitos a expropiar:

Parcela Catastral	Término Municipal	Naturaleza Inmuebel	Superficie a ocupar
27039A073000730000GY	Outeiro de Rei	Rústico. Prado o praderas	9 m2
27039A074001540000GM	Outeiro de Rei	Rústico. Prado o praderas	9 m2

Relación de propietarios: LOPEZ LOPEZ JAIME, DNI: xxxxx243X"

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, ábrese un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquer persoa poderá acceder ao expediente, e aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade de ocupación ou formular alegacións aos efectos de subsanar erros na presente relación.

O proxecto de obras atópase exposto ao público na sede electrónica do concello de

Outeiro de Rei, ubicada na seguinte dirección:

<https://outeiroderei.sedelectronica.gal/board>

Outeiro de Rei, a 5 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2752

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **6/09/2019**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **AGOSTO** de 2019, polo importe total de **2.226,75€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 9 de setembro de 2019.- O Alcalde. Jose Luis López López.

R. 2753

A PONTENOVA

*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE AGOSTO 2019.**

Por Resolución de alcaldía de data nove de setembro de 2019 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A)Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 9 de outubro de 2019 ao 9 de decembro de 2019**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 9 de setembro de dous mil dezanove.

A Pontenova, 10 de setembro de 2019.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2754

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 9 de agosto de 2019 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario 2/2019 e 3/2019 e de suplemento de créditos 2/2019 e 3/2019 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resume por capítulos dos orzamentos prorrogados para 2019, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1 Impostos directos	3.176.500,00 €
Cap. 2 Impostos indirectos	80.000,00 €
Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.747.000,00 €
Cap. 4 Transferencias correntes	3.851.422,23 €
Cap. 5 Ingresos patrimoniais	10.465,44 €
Cap. 7 Transferencias de capital	375.458,95 €
Cap. 8 Activos financeiros	4.644.453,67 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	258.373,96 €
TOTAL	14.143.674,25 €

Estado de Gastos

Cap. 1 Gastos de persoal	3.601.717,79 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	6.358.766,03 €
Cap. 3 Gastos financeiros	83.153,61 €
Cap. 4 Transferencias correntes	743.566,57 €

Cap. 6	Investimentos reais	2.221.365,66 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	227.739,54 €
	TOTAL	13.245.309,20 €

Sarria, 10 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2755

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000025/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a EVA PEREZ LOPEZ, contra la empresa "JULIAN DORADO VILA", sobre DESPIDO, se ha dictado decreto, en fecha 04.09.19, cuya parte dispositiva es del siguiente tenor literal:

"ACUERDO:- Aprobar el remate de los bienes embargados a favor de:- DON JAVIER GANTES LESTA por la suma de 1.101,00 euros, en relación al vehículo matrícula 9050CXL.- Y DON JOSÉ FERRER GÓMEZ, por la suma de 2.591,00 euros, en relación al vehículo matrícula 0958DBC.- Requerirles para que en el plazo de **DIEZ DÍAS** consignen la diferencia entre lo depositado para tomar parte en la subasta y el precio del remate, apercibiéndole que de no verificarlo perderán la cantidad depositada la cual podrá ser aplicada a los fines de la ejecución.- Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,"**

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa "JULIÁN DORADO VILA", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a cinco de septiembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2757

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01112

PETICIONARIO: Fidel Gallego Carreira

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Bodega de Colleiteiro en A Carqueixa

LOCALIDAD: A Carqueixa, Proendos (Santa María)

TÉR. MUNICIPAL: Sober

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Barranco de Portizo/Portizo de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Bodega de Colleiteiro en A Carqueixa" - "Fidel Gallego Carreira", con un volumen máximo anual de 183,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Desbaste.
- Separador de grasas.
- Fosa + filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 3 de septiembre de 2019.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2758